

Bando Municipal

Accións preventivas por risco de seca

Veciñas e veciños de Cerceda:

Nas últimas datas lévase dado unha grave situación na que se mesturan as altas temperaturas cun período de seca prolongado.

As medidas inmediatas que tomaremos a partir de hoxe, e que serán empregadas o tempo xustamente necesario, serán:

- Eliminación do baldeo de rúas para a súa limpeza
- Restrición do consumo en fontes ornamentais e elementos similares
- Redución dos regos públicos

As medidas responsables, son as seguintes:

- Evitar no posible o uso da auga do abastecemento para regar, enchido de piscinas, lavado de cortellos, etc.
- Control de consumos en edificios e instalacións municipais
- Deberanse usar sistemas de aforro de auga. Pechar a billa durante o cepillado e sempre que sexa posible, emprego de ducha no lugar do baño para evitar o uso de auga innecesaria, reempregar a auga sobrante do lavado de alimentos...

É necesario tomar conciencia da importancia de levar a cabo medidas de aforro no consumo da auga, evitando o malgasto e minimizando os usos prescindibles.

Por iso, como alcalde, solicito a colaboración dos veciños e as veciñas, das institucións e das empresas con sede no municipio, para que se tomen as precaucións precisas para evitar o gasto innecesario de auga.

Confiamos en regresar á normalidade o antes posible, se o réxime de temperaturas e precipitacións recuperan niveis aceptables, pero temos que estar en disposición de afrontar a prolongación deste estado excepcional das cousas en caso necesario.

O Servizo Municipal de Augas e o persoal técnico do Concello xa están a traballar en solucións, tanto de emerxencia como a longo prazo, para o caso de que a situación de seca se prolongue no tempo. Pero precisamos a axuda dos nosos veciños e das nosas veciñas para conseguir un consumo responsable que axude a manter as reservas o máximo tempo posible se chegásemos á peor situación que podemos imaxinar.

Seguiremos informando da situación e das medidas que sexa necesario tomar. Conto coa colaboración de todas e todos.

En Cerceda, 15 de xullo de 2022



O alcalde de Cerceda